

**Estudos  
Papers**



# A fraseoloxía romanese: unha ollada á terminoloxía<sup>1</sup>

## *Romanian Phraseology: An Overview Of Terminology*

Daniela Dincă

Universitatea din Craiova (Romanía)

ORCID: 0000-0001-9384-3733

danadinca@yahoo.fr

**Resumo:** Tomando como punto de partida a fraseoloxía romanese, este artigo persegue un dobre obxectivo: por unha banda, proporcionar unha definición da fraseoloxía como disciplina autónoma en comparación con outras disciplinas lingüísticas e, pola outra, analizar a súa metalinguaxe mediante a agrupación de multitude de termos especializados que designan as unidades fraseolóxicas: idiotismo (rom. idiotismo), modismo (rom. idiom), illamento (rom. izolare), locución (rom. locuțiune), locución proverbial (rom. locuțiune proverbială), expresión (rom. expresie), expresión idiomática (rom. expresie idiomatică), perífrase (rom. perifrază), proverbio (rom. proverb), sintagma (rom. sintagmă), fórmula (rom. formulă), cliché (rom. clișeu) etc. O enfoque adoptado é o da análise diacrónica dos principais conceptos operativos, xa que a evolución da fraseoloxía evidencia a constitución e o desenvolvemento desta rama da lingüística no territorio do romanés. A pesar dos diversos puntos de vista que existen, a fraseoloxía romanese enriquecese con achegas centradas, principalmente, na comparación dos fraseoloxismos romaneses cos doutras linguas desde un punto de vista sintáctico, semántico, translativo ou descritivo do funcionamento das súas sintaxe e semántica.

**Palabras clave:** fraseoloxía, metalinguaxe, terminoloxía, unidade fraseolóxica, fraseoloxismo, locución, expresión idiomática, sentido literal, sentido figurado, sentido conceptual.

**Abstract:** *Taking Romanian phraseology as a starting point, our article pursues a twofold objective: on the one hand, the definition of phraseology as an autonomous discipline in relation to other linguistic disciplines and, on the other, the analysis of its metalanguage, which brings together a multitude of specialized terms to designate phraseological units: fr. idiotisme (rom. idiotism), fr. idiom (rom. idiom), fr. isolation (rom. izolare), fr. locution (rom. locuțiune), fr. locution proverbiale (rom. locuțiune proverbială), fr. expression (rom. expresie), fr. expression*

---

<sup>1</sup> Data de recepción: 23.10.2023. Data de aceptación: 14.05.2024.

Tradución feita por Sofia Pintos Delgado.

*idiomatique (rom. expresie idiomatică), fr. périphrase (rom. perifrază), fr. proverbe (rom. proverb), fr. syntagme (rom. sintagmă), fr. formule (rom. formulă), fr. cliché (rom. clișeu), etc. The approach we propose is a diachronic analysis of the main operational concepts, as the evolution of the phraseology has highlighted the constitution and development of this branch of linguistics in the territory of the Romanian language. Despite the diversity of points of view, Romanian phraseology continues to be enriched by contributions which are primarily interested in comparing Romanian phraseologisms with those of other languages from the syntactic, semantic or translational point of view, or in describing their syntactic and semantic functioning.*

**Keywords:** phraseology, metalanguage, terminology, phraseological unit, phraseologism, locution, idiomatic expression, literal meaning, figurative meaning, conceptual meaning.

## 1. Introducción

As e os lingüistas romaneses coinciden en subliñar que a fraseoloxía xurdiu hai relativamente pouco como disciplina autónoma, con métodos de investigación de seu. Isto débese á dificultade de separala doutras disciplinas lingüísticas e á de definir o seu obxecto de estudo, constituído por unidades fraseolóxicas coñecidas por multitude de denominacións terminolóxicas. De feito, as ramas da lingüística nas que se superpón inclúen a estilística funcional, a etimoloxía e a lexicografía (Hristea 1984a: 134; Coșeriu 2000: 258–259), a lexicoloxía e a sintaxe (Colțun 2013:13) ou á lexicoloxía de ceito exclusivo (Zugun 2000: 21).

A definición da fraseoloxía como ciencia autónoma implica unha dobre perspectiva de análise, xa que se refire tanto a unha disciplina lingüística como, ao mesmo tempo, á totalidade dos seus elementos suxeitos a estudo<sup>2</sup>. Así, as preocupacións fraseolóxicas rexistradas no territorio da lingua romanese diríxense, por unha parte, á creación de dicionarios fraseolóxicos<sup>3</sup> e, por outra, á análise semántico-sintáctica das unidades reunidas baixo a etiqueta de *fraseoloxismo* ou *unidade fraseolóxica*. Canto á necesidade de dicionarios fraseolóxicos, Scherf (2006: 82) demostra que os fraseoloxismos non se forman consonte as regras da combinatoria libre, senón que, pola contra, o contexto de memorización provoca a súa recuperación e integración na linguaxe e, de maneira implícita, na comunicación.

A fraseografía romanese conforma un campo bastante dinámico, dado o permanente obxectivo da creación de dicionarios non só dos e das profesionais da lexicografía, senón tamén do persoal especialista (lingüistas, docentes, editoras/editores...). Neste senso, cómpre citar a obra *Proverbele românilor* [Proverbios romaneses] (1895-1903),

<sup>2</sup> O *Dicționar de științe ale limbii*. [Diccionario das ciencias da lingua] (A. Bidu-Vrânceanu et al. 2001: 224) atribúelle ambos os significados ao termo *fraseoloxía*: 1. Disciplina lingüística emerxente que se ocupa do estudo das unidades fraseolóxicas dunha lingua ou grupo de linguas (das súas aparición e orixe, do seu uso na comunicación cotiá ou en estilos/linguas especializados, das familias fraseolóxicas, do papel das unidades fraseolóxicas na modernización da linguaxe literaria); 2. Conxunto de unidades fraseolóxicas dunha determinada lingua.

<sup>3</sup> Unha obra lexicográfica representativa do ámbito romanés é a de Mile Tomici (2009) *Dicționar frazeologic al limbii române*.

de Iuliu Zanne, a cal representa unha apertura monumental da cultura romanese e que inclúe 7500 páxinas (dez volumes) compostas por uns 40 000 proverbios. Alén diso, a fraseografía contrastiva supuxo unha preocupación constante por parte, de novo, dos e das profesionais da lexicografía romanese e a creación de dicionarios fraseolóxicos bilingües foi un factor de gran relevancia na formación de profesionais da tradución, no ensino de linguas estranxeiras e na elaboración de estudos contrastivos<sup>4</sup>.

A finalidade do presente artigo é dobre: en primeiro lugar, definir a fraseoloxía como disciplina autónoma con respecto ás demais disciplinas lingüísticas e, en segundo lugar, analizar a súa metalinguaxe, que comprende múltiples termos especializados para designar as unidades fraseolóxicas. O enfoque que adoptamos é o da análise diacrónica dos principais conceptos operativos, pois a evolución da fraseoloxía puxo de manifesto a constitución máis o desenvolvemento desta rama da lingüística no territorio da lingua romanese.

## 2. A fraseoloxía romanese: intentos de definición

O lingüista romanés que asentou as bases teóricas da fraseoloxía foi Theodor Hristea, quen, en 1984, na obra colectiva *Sinteze de limba română* [Síntese da lingua romanese], insire o capítulo VI, titulado *Introducere în studiul frazeologiei* [Introdución ao estudo da fraseoloxía], onde define a fraseoloxía nos seguintes termos: «disciplina lingüística cuxo obxecto de estudo é a análise das unidades fraseolóxicas dunha lingua (ou dun grupo de linguas) e a propia totalidade das unidades fraseolóxicas desta» (Hristea 1984b: 6)<sup>5</sup>.

Noutras palabras, a fraseoloxía defínese como unha disciplina lingüística e como un conxunto de elementos denominados unidades fraseolóxicas que, á súa vez, se poden clasificar segundo varios criterios (orixe, estrutura, valor estilístico, áreas de manifestación...): «As unidades fraseolóxicas dunha lingua pódense clasificar e estudar desde distintos puntos de vista, empezando pola súa orixe ou pola súa estrutura e terminando pola súa dimensión estilística ou pola súa pertenza a certos campos de actividade» (Hristea 1984a: 134).

A fin de ilustrar a orixe dos fraseoloxismos, Hristea ofrece varios exemplos, entre eles o de *carte postală*, un fraseoloxismo que forma parte da terminoloxía técnico-científica cunha función puramente denominativa, sen carga expresiva ningunha, e que se corresponde co préstamo *carte postale* do francés, non cunha creación da lingua romanese. A propósito da cuestión, a etimoloxía dos fraseoloxismos é algo que, de feito, sempre lle preocupou

---

<sup>4</sup> *Dicționar frazeologic român-englez* (Andrei Bantaș, Andreea Gheorghiu e Leon D. Levițchi 1993); *Dicționar englez-român de colocaiii verbale* (Hortensia Pârlog, Maria Telegă e Leon Levițchi 2000); *Dicționar frazeologic francez-român, român-francez* (Elena Gorunescu 1981); *Dicționar frazeologic spaniol-român* (Necheș Neagu, Teodora Șandru-Mehedinți e Melania Albu 2008); *Dicționar frazeologic român-italian* (Eugen Costescu 1979); *Dicționar frazeologic român-german* (Alexandru Roman 1975); *Mic dicționar frazeologic portughez-român și român-portughez* (Georgiana Bărbulescu 2007); *Dicționar frazeologic polon-român* (Twarog Geambașu 2013) etc.

<sup>5</sup> Todas as citas incluídas no presente artigo correspondense cunha tradución ponte do francés; as citas foran traducidas da lingua orixinal pola propia autora, Daniela Dincă.

ao persoal lingüista e a orixe deste tipo de unidades resúmese nos seguintes mecanismos: «fraseoloxismos creados dentro dunha lingua en concreto, prestados, traducidos ou calcados a partir de modelos estranxeiros» (Constantinescu Dobridor 1998: 154).

De acordo con Hristea, esa interconexión entre a fraseoloxía e a etimoloxía mais a estilística funcional cobraría especial importancia á hora de estudar unha lingua desde a perspectiva da súa evolución e da súa dinámica: «[...] unha investigación coidadosa e exhaustiva acerca de todo o noso tesouro fraseolóxico permitiría que nos fixésemos unha idea moito máis clara do poder creativo da lingua romanese nese ámbito, así como das diversas influencias estranxeiras exercidas sobre el durante as épocas moderna e contemporánea» (Hristea 1984a: 136).

O obxecto de estudo da fraseoloxía é, polo tanto, a unidade fraseolóxica<sup>6</sup>, definida como un conxunto de dúas ou máis palabras cun significado unitario (referido a un único obxecto, propiedade, acción, proceso ou fenómeno) e cunha elevada frecuencia de uso na lingua. Segundo Hristea (1984), os dous trazos característicos das unidades fraseolóxicas son a estabilidade e a autonomía: «o que teñen en común todas as unidades fraseolóxicas dunha lingua é o feito de que se trata de combinacións estables de dúas ou máis palabras cun significado unitario». A autonomía semántica, asentada na polilexicalidade, atribúelles un carácter estable e reproducíbel asociado a un dado valor idiomático e expresivo na lingua.

### 3. Da locución á expresión

A tipoloxía das unidades fraseolóxicas foi unha pedra de toque para as e para os lingüistas romaneses, posto que as características das unidades fraseolóxicas (polilexicalidade, reproducibilidade, estabilidade, idiomaticidade, complexidade e expresividade) deron pé a multitude de termos segundo se destacase unha ou outra desas características: idiotismo (rom. *idiotism*), idioma (rom. *idiom*), illamento (rom. *izolare*), locución (rom. *locuțiune*), locución proverbial (rom. *locuțiune proverbială*), expresión (rom. *expresie*), expresión idiomática (rom. *expresie idiomatică*), perífrase (rom. *perifrază*), proverbio (rom. *proverb*), sintagma (rom. *sintagmă*), fórmula (rom. *formulă*), cliché (rom. *clișeu*) etc.

Unha das teorías iniciais xurdidas a principios do século XX afirmaba que a fraseoloxía reunía unidades léxicas de carácter fixo e unidireccional; así o indicou Sextil Pușcariu (1940) ao falar de «unidades léxicas cun carácter fixo e unidireccional (expresións, locucións, locucións proverbiais etc.)». Noutras palabras, o establecemento de fronteiras entre as distintas unidades léxicas non representaba unha prioridade para o persoal lingüista romanés, máis interesado no inventario de dicionarios mais na descrición sintáctica e semántica en obras dedicadas ás distintas subclases de unidades fraseolóxicas.

Como a estrutura sintagmática non permite diferenciar as unidades fraseolóxicas, Pușcariu (1940) denomina locución ou expresión aos grupos fixos de palabras que van desde os dous ou tres elementos ata as frases e expresións. Por tal motivo, a locución

---

<sup>6</sup> De feito, *fraseoloxismo* e *unidade fraseolóxica* son sinónimos, coa distinción de que o primeiro termo resulta máis conveniente e que o segundo é un derivado do de *fraseoloxía*.

defínese, por veces, como expresión, o que comporta dificultades ao categorizala, a pesar de que as e os lingüistas romaneses consideren que esta delimitación carece de importancia en comparación coa tarefa de distinguir estes dous tipos de unidades fraseolóxicas das palabras simples, a través da detección da presenza de dous elementos ou máis cun significado unitario.

Tampouco o criterio da expresividade permite diferenciar un tipo de unidade fraseolóxica da outra. Acerca do particular, Lazăr Şăineanu considera na súa tese de licenciatura, titulada *Încercare asupra semasiologiei limbei române* [Ensaio sobre a semasioloxía da lingua romanesa] (1887), que o termo *locución* designa unha combinación expresiva de dúas ou máis palabras (*a ajunge cuşitul la os* [ter o coitelo ata o óso], ‘estar ata as orellas [de algo/de alguén]’), sen disocialo doutros termos como *expresión*, *expresión idiomática* e *idiotismo*.

Pola súa banda, en *Stilistica limbii române* [Estilística da lingua romanesa], Iorgu Iordan (1975: 280) emprega os termos *locución*, *expresión*, *illamento*, *fórmula* e *sintagma*. Este último, *sintagma*, defíneo como «grupo ou combinación de palabras» (Iordan 1975: 18), en alternancia con *fórmula*, *idiotismo*, *locución* e *expresión*, e con el designa aqueles conxuntos léxicos caracterizados por unha forma fixa mais un significado unitario. As estruturas fraseolóxicas denominadas illamentos concíbeseas como «fórmulas fixas que se transmiten por tradición e que permanecen inalteradas tanto no tocante á forma como ao significado», xustificando esa denominación de *illamento* co feito de que os seus elementos constitutivos e eles mesmos se encontren illados do resto do material lingüístico, de que se lles aplique un tratamento especial. Nestas estruturas, «trátase exclusivamente do significado, que é unitario, coma nunha soa palabra» (Iordan 1975: 209).

De certo, os e as lingüistas romaneses destacan a relación de sinonimia entre as locucións e as expresións. Na obra colectiva *Limba română contemporană* [Lingua romanesa contemporánea], Iorgu Iordan e Vladimir Robu (1978: 336) subliñana definindo as expresións como «combinacións fraseolóxicas estables cuxa forma e cuxo significado non derivan das acepcións que as compoñen e que, desde o punto de vista gramatical, se corresponden, as máis das veces, con locucións». Ion Coteanu, pola súa parte, considera o seguinte: «Os grupos de palabras que, sen seren frases, posúen o significado dun adxectivo chámanse locucións, é dicir, expresións adxectivas» (Coteanu 1982: 99).

A esta primeira etapa, na cal aos termos referidos, *locución* e *expresión*, se lles atribúe unha relación sinonímica, sucédelle o contraste entre ambas as subclases de fraseoloxismos mediante criterios novos ou adicionais. Así, na súa obra titulada *Locuţiunile verbale în limba română* [Locucións verbais da lingua romanesa], Florica Dimitrescu (1958) realiza unha clasificación inicial das unidades fraseolóxicas en subcategorías: expresións, locucións, illamentos, idiotismos, modismos e locucións proverbiais. Ademais, a autora sinala que a diferenza entre locucións e expresións reside en que as expresións funcionan como unha única unidade a nivel léxico, mentres que as locucións tamén o fan a nivel gramatical. Dito doutro xeito, as expresións son grupos

de palabras que conforman un «conxunto léxico», non gramatical, caracterizado pola variabilidade, pola expresividade e pola «novidade do conxunto» (*prinde orbul, scoate-i ochii* [colle ao cego, sácalle os ollos]), mentres que as locucións se definen como un «conxunto de palabras máis ou menos cohesionado, cun significado unitario concreto e que se comporta, gramaticalmente, como unha soa parte do discurso» (Dimitrescu 1958: 67). Alén diso, Dimitrescu comenta que as locucións verbais son locucións con valor de verbo: *a băga de seamă* [observar]; *a-și bate joc* [burlarse]; *a-și aduce aminte* [lembrar].

Volvendo ás expresións, segundo a mesma autora, son «combinacións de palabras cargadas de contido afectivo propias dunha determinada lingua» (Dimitrescu 1958: 62, 64); reparándonos no exemplo en romanés *am eu ac și de cojocul tău* [teño unha agulla para a túa pel], ‘con uñas e dentes’, o significado unitario diverxe do de cada constituínte, polo que posúe un carácter non composicional. Outra característica amentada por Dimitrescu respecto das expresións é a posibilidade de resultaren gramaticalmente dissociadas; na expresión *până la Dumnezeu te mănâncă sfinții* [ata Deus os santos te coman], distínguense un suxeito (*os santos*), un predicado (*coman*), un obxecto directo (*te*) e un complemento circunstancial (*ata Deus*).

O primeiro criterio delimitador considerado pola comunidade lingüista romanese foi, pois, a carga afectiva das expresións (*a ajuns la spartul târgului* [chegou ao final da feira], ‘chegou demasiado tarde’) en contraste coas locucións (*a băga de seamă* [observar]; *a-și aduce aminte* [lembrar]). Así, Theodor Hristea (1984) manifestou que, cando unha combinación estable de palabras é expresiva, se debe considerar unha expresión; por expresión, entendía un grupo léxico constante cun significado unitario e o cal xera efectos estilísticos (*abrir o apetito*), ao contrario da locución: «unha locución procede dunha expresión que, tras un longo uso, se gramaticalizou, perdendo, xa que logo, a súa expresividade» (Hristea 1977: 589). Hristea (1984) considera, aínda, que as diferenzas entre as dúas categorías incumben tres niveis: as expresións son, polo normal, máis complexas ca as locucións estruturalmente falando, menos «pechadas» ou «petrificadas» e, de maneira imprescindible, expresivas, dado que seus elementos constitutivos non se encontran tan fusionados (Hristea 1984).

Podemos afirmar, entón, que a maioría dos estudos dedicados ao acoutamento e á descrición das expresións adoptan os criterios funcional e expresivo como trazos distintivos<sup>7</sup>. Ademais, a característica principal das locucións é posuíren unha función gramatical única e desempeñaren o papel de certa parte do discurso, resultante das relacións que as ditas locucións establecen co contexto: «Grupo de palabras máis ou menos xuntas, cun significado unitario e que se comporta gramaticalmente como unha soa parte do discurso» (Graur 1966: 34). Boroianu (1974, II: 243) tamén ofrece unha definición similar de locución: «Grupo de dúas ou máis palabras, con significado unitario, que se integra no contexto como elemento indivisible mediante un dos seus elementos constitutivos ou mediante todos eles, funcionando como único termo».

<sup>7</sup> «Os dous criterios que lles permite ás e aos lingüistas diferenciar entre locucións e expresións son, polo tanto, a estrutura lexicográfica mais o uso léxico-funcional» (Zugun 2000: 33).



Na mesma liña, Cristinel Munteanu (2013) concibe o sentido figurado como criterio distintivo entre a locución e a expresión. En concreto, o autor postula que as combinacións verbais estables que son produto da analogía (metáfora ou comparación) e cuxos elementos constitutivos dan lugar a unha imaxe considéranse expresións. Por exemplo, *a tăia frunză la câini* [cortar-lles as follas aos cans] é unha expresión (romanesa) porque os seus elementos constitutivos conforman unha imaxe que traslada, a xeito de metáfora, a idea de non facer nada, de perder o tempo, mentres que *avoir du cœur au ventre* [ter o corazón no estómago], ‘ser valente, ter moita coraxe’, do francés, é, certamente, unha locución porque a palabra *coeur* (‘corazón’) substitúe, por medio do fenómeno da metonimia, a palabra *courage* (‘coraxe’) e, nestoutro caso, non se pode dicir que todos os constituíntes axuden a crear unha imaxe determinada.

Non obstante, tamén existen combinacións estables polisemánticas que se poden considerar tanto locucións como expresións; por exemplo, *a se da la fund* [ir para o fondo] é unha locución co significado de ‘mergullarse’, ao tempo que unha expresión que significa ‘desaparecer’. De feito, de acordo con Munteanu, as locucións non deben xerar imaxe ningunha, senón modificar parte da mensaxe; o verbo presente na combinación serve para transformar outro fragmento do discurso (polo xeral, un substantivo), igualmente, en verbo. Por exemplo, *a da năvală* (‘irromper, precipitarse’), *a năvăli* (‘invadir, atacar’); *a da bătaie* (‘administrar unha descarga’), *a bate* (‘golpear’).

Coa finalidade de descubrir se un fraseoloxismo verbal se corresponde cunha locución ou cunha expresión, Munteanu propón a estratexia da relación co equivalente ou sinónimo: se a relación é de analogía ou similitude (o que leva implícita a presenza da metáfora e, posiblemente, da comparación), trátase dunha expresión; se a relación é de contigüidade (realizada a través da metonimia ou da sinécdoque), trátase dunha locución.

A propósito do sentido figurado, Doina Butiurcă (2012) engade o modelo conceptual<sup>8</sup> como criterio para discernir as dúas subclases de conxuntos de palabras analizadas, a locución e a expresión. Por exemplo, as locucións gal. *abrir os ollos*, fra. *ouvrir l’œil*, rom. *a deschide ochii* e eng. *to open one’s eyes* teñen, á parte dun sentido propio, un sentido connotativo e expresan a idea de vixilancia (‘andar alerta’), o cal se erixe como un argumento para as considerar expresións. Daquela, a definición de *expresión* achegada por Butiurcă (2012: 2) é a seguinte:

En principio, calquera combinación constante cuxos elementos non sexan conmutables e organizada a partir dun modelo cognitivo (man, ollos, corazón etc.) e translingüístico pertence á clase das expresións. Desde un punto de vista epistemolóxico, o modelo conceptual é a invariable con poder explicativo nun gran número de linguas.

Se o modelo conceptual dunha expresión se circunscribe a unha dada cultura, esta última implica unha dimensión idiomática que o individuo falante non pode cambiar porque: «a conservación ou substitución do elemento cognitivo incide na cuestión da

<sup>8</sup> De acordo con Butiurcă (2012), o modelo conceptual constitúe un dos criterios cognitivos non lingüísticos capaces de lles atribuír certa coherencia ás expresións.

dimensión cultural do contexto. Illar a lingua da cultura e da relixión supón illar a lingua da historia, dos valores culturais e relixiosos dunha comunidade determinada» (Butiurcă 2012: 2). Con tal aseveración, Butiurcă correlaciona os conceptos de *expresión* e de *expresión idiomática*, que comparten o modelo cognitivo, pero que difiren na conexión que establecen coa cultura de cada lingua.

Canto ao termo *locución*, este tamén pode englobar unha relación de dicotomía co de *fraseoloxismo*. A este respecto, cómpre citar a Gheorghe Colțun (2013: 18-20) quen, malia que a fronteira que separa as locucións non estea claramente debuxada, fala dunha migración delas para os fraseoloxismos. Os trazos comúns das dúas subclases de conxuntos de palabras son os seguintes: os seus elementos pertencen a diferentes clases morfolóxicas; compórtanse, gramaticalmente, como un só tipo de palabras; a orde dos constituíntes resulta fixa e ningún destes se pode trocar por un sinónimo. Pola súa parte, os trazos distintivos prodúcense en varios niveis de análise:

Figura 1. Cadro ilustrativo das diferenzas entre as subclases *locución vs. fraseoloxismo*

Niveis de análise	Locucións	Fraseoloxismos
1. Disciplina lingüística	As locucións son o obxecto de estudo da morfoloxía.	Os fraseoloxismos son o obxecto de estudo da fraseoloxía.
2. Valor morfolóxico	Os valores morfolóxicos das locucións compréndense na palabra equivalente.	Os valores morfolóxicos dos fraseoloxismos dependen da palabra dominante.
3. Grao de fixación	Desde o punto de vista sintáctico, todos os compoñentes das locucións posúen o mesmo valor.	Os compoñentes dos fraseoloxismos presentan un alto grao de unidade semántica e estrutural.
4. Semántica	O seu significado unitario correspóndese coa suma do dos elementos que as compoñen.	O significado da unidade global non se corresponde coa suma do dos elementos constitutivos.
5. Sinonimia	As locucións, na maioría dos casos, pódense substituír por unha soa palabra.	Os fraseoloxismos rara vez posúen un equivalente, rara vez se poden substituír por unha soa palabra.

Consonte a este cadro, a distinción entre as dúas subclases consiste no seguinte:

- (1) Desde o punto de vista morfolóxico, as locucións estúdanse no eido da morfoloxía mentres que os fraseoloxismos, no da fraseoloxía.
- (2) Desde o punto de vista sintáctico, as locucións áchanse menos fusionadas ca os fraseoloxismos, os cales se subdividen en:

1. Fraseoloxismos semellantes ás combinacións de palabras: *valurile vieții* [as ondas da vida].
  2. Fraseoloxismos coa estrutura de proposición: *a-i fugi pământul de sub picioare* [a terra escorrega baixo dos seus pés].
  3. Fraseoloxismos coa estrutura de frase: *a se băga unde nu-i fierbe oala* [quedar onde ferva a oia].
- (3) Desde o punto de vista semántico, as locucións posúen carácter composicional e relaciónanse sinonimicamente cunha única palabra, en contraposición aos fraseoloxismos, que posúen carácter non composicional e é raro que contén cunha palabra soa como equivalente.

Para resumirmos a teoría de Colțun, conséntase que a fraseoloxía estuda os fraseoloxismos de modo exclusivo e que as locucións xa non se consideran unha subclase deles, como si consideraban os e as lingüistas do século XX. Mediante a súa definición de fraseoloxismo, Colțun propón un novo achegamento ao antedito campo do saber, que só se ocuparía das unidades fixas, as cales van desde a combinación de palabras ata a oración e que presentan un carácter estable non composicional.

#### 4. Da expresión á expresión idiomática

Unha categoría das expresións que carrea problemas de análise e de definición é a das expresións idiomáticas (tamén coñecidas como expresións, a secas; idiotismos, illamentos, modismos e unidades fraseolóxicas idiomáticas).

Unha primeira definición do termo *idiotismo* aparece recollida en *Principii de istoria limbii* [Principios da historia da lingua] (1984), de Alexandru Philippide. En conformidade con ela, un idiotismo é un grupo estable de palabras consistente en varios elementos lingüísticos e co carácter específico dos idiotismos populares ou idiotismos dialectais. A súa natureza unitaria sitúao nunha relación de sinonimia co termo *illamento*. Outra das primeiras definicións proporcionouna Iordan (1975: 20), quen describe o idiotismo como unha «fórmula fixa» de uso frecuente e prolongado cuxa aparencia formal e cuxo significado non se poden alterar. Á súa vez, Stelian Dumitrăcel (1980) emprega o termo en causa como sinónimo tanto de illamento como de expresión idiomática.

A primeira persoa lingüista en vincular a idiomaticidade á expresividade e, sobre todo, ao seu sentido figurado foi Stelian Dumitrăcel (1980), o cal, na súa obra *Lexic românesc. Cuvinte, metafore, expresii* [Léxico romanés: palabras, metáforas, expresións], trata as preocupacións do persoal romanés experto en lingüística asociadas ao estudo das expresións idiomáticas. Conforme ao autor, as expresións idiomáticas aseméllanse ás metáforas na seguinte medida: «O vínculo entre as metáforas e as expresións idiomáticas

resulta evidente en canto a que posúen a mesma función estilística mais a mesma expresividade e, desde unha perspectiva lóxica, en canto a que ambas representan un determinado sentido (figurado)» (Dumistrăcel 1980: 124).

Dependendo das circunstancias de aparición da función expresiva, Dumistrăcel (1980: 136–137) establece dúas categorías de expresións:

- (1) *Expresións idiomáticas imaxinarias*, cunha función estilística inmediata (por exemplo, *până la Dumnezeu te mânăncă sfinții* [ata Deus os santos te coman]).
- (2) *Expresións idiomáticas copia da realidade*, inicialmente, cunha función obxectiva e, máis tarde, a través da metaforización, cun valor expresivo.

Pola súa banda, Theodor Hristea (1984a: 143) postula que a idiomaticidade das unidades fraseolóxicas debe cumprir tres condicións: non composicionalidade, intraducibilidade e expresividade. Baseándose nestas tres características esenciais, o estudoso propón a seguinte tipoloxía: (1) unidades fraseolóxicas idiomáticas e (2) unidades fraseolóxicas non idiomáticas. Afondándonos no tema, esa idiomaticidade das unidades fraseolóxicas depende do seu grao de fixación e da súa expresividade, o que incrementa os obstáculos na súa clasificación. Alén diso, as dúas dimensións para ter en conta son o seu comportamento sintáctico e mais o semántico. Hristea (1984a: 143) afirma, aínda tamén, que o trazo primordial desta orde de unidades fraseolóxicas é que portan un significado figurado que lle pertence ao grupo fraseolóxico no seu conxunto, imposible de se verter *ad litteram* a outra unha lingua. Ao empregar o termo *unidade fraseolóxica idiomática*, o autor congrega todas as subclases de unidades fraseolóxicas, o que se traduce en que a idiomaticidade non discirna entre locucións e expresións (*a spăla putina* [lavar o barril], ‘irse á francesa’). En síntese, isto subxace a todas as clases de unidades fraseolóxicas, polo que non constitúe unha característica distintiva entre elas.

Colocando os termos *unidade fraseolóxica* e *expresión* nunha relación de sinonimia, Colțun (2013) contrapón o carácter idiomático ao carácter fraseolóxico e asocia a idiomaticidade das expresións á transferencia semántica lograda mediante procesos semánticos (metáfora, metonimia, sinécdoque etc.). Como engadido, utiliza a non composicionalidade (que denomina «grao de fusión semántica dos seus elementos» [Colțun 2013: 24]) para organizar as expresións en dúas subclases:

- (1) *Expresións idiomáticas*, definidas como «fraseoloxismos con fusión semántica total» dos seus formantes (todos os elementos perderon o seu significado orixinal): *a tăia frunză la căini* [cortarlle as follas aos cans], ‘perder o tempo’; *a pune paie pe foc* [botarlle palla ao lume], gal. *botarlle [máis] leña ao lume*.
- (2) *Expresións fraseolóxicas*, «fraseoloxismos con fusión semántica parcial» (polo menos, un dos elementos conserva o seu significado orixinal): *a fugi de noroc* [escapar da sorte]; *a cădea de oboseală* [caer do cansanzo].

En definitiva, pódese asegurar que, na lingüística actual, a idiomaticidade continúa a ser unha característica xeral das unidades fraseolóxicas atribuíble segundo os tres criterios mencionados por Hristea (1984), a saber: non composicionalidade, intraducibilidade e expresividade.

Podemos dicir que as expresións idiomáticas son combinacións estables de palabras por enteiro idiomáticas e asaz metafóricas. Xa que logo, a transferencia semántica sucede a nivel de todos os elementos constitutivos, a fusión semántica resulta plena e o significado da construción, totalmente non composicional (Podaru 2012: 317).

## 5. Conclusións

Na lingüística romanesa, a tipoloxía das unidades fraseolóxicas non supuxo un obxectivo en si mesmo para as e para os expertos, que se centraron, máis ben, nas súas dimensións semántica e cognitiva, xa for en traballos lexicográficos ou en estudos descritivos orientados á dimensión sintáctica e/ou semántica.

Malia se considerar un aspecto «sen importancia» por gran parte do persoal lingüista (Lazăr Şăineanu, Sextil Puşcariu, Iorgu Iordan, Ion Coteanu etc.), a diferenciación das unidades fraseolóxicas en locucións e expresións mantívose como preocupación constante (Theodor Hristea, Florica Dimitrescu, Cristinel Munteanu, Gheorghe Colţun, Doina Butiurecă etc.), o cal derivou na definición de criterios categóricos que servisen para identificar ambas as subclases: non composicionalidade, sentido figurado, intraducibilidade e carácter cognitivo. Consecuentemente, a literatura especializada estableceu distincións entre os subtipos desas unidades fraseolóxicas (*locución* fronte a *expresión*, *expresión* fronte a *expresión idiomática*), pero reservando, precisamente, os termos *unidade fraseolóxica* ou *fraseoloxismo* para as que puideren adquirir ou non un carácter idiomático —unidades fraseolóxicas idiomáticas fronte a unidades fraseolóxicas non idiomáticas (Hristea 1984), expresións idiomáticas fronte a expresións fraseolóxicas (Colţun 2013)—.

Como conclusión final, pódese dicir que a fraseoloxía romanesa conforma unha disciplina na que existen diversidade de opinións e de teorías verbo da tipoloxía das unidades fraseolóxicas e mais da súa descrición semántica e sintáctica. Con todo, a fraseoloxía romanesa segue a arrequecerse con achegas centradas, mormente, na comparanza dos fraseoloxismos romaneses cos doutras linguas desde os puntos de vista sintáctico, semántico ou tradutolóxico e en describir o seu funcionamento, tanto sintáctico como semántico, a través de numerosos dicionarios de fraseoloxismos, de locucións, de proverbios e de expresións idiomáticas.

## 6. Referencias bibliográficas

- Avădanei, C. (2000). *Constructii idiomatice în limbile română și engleză*. Editura Universității Alexandru Ioan Cuza.
- Bidu-Vrânceanu, A., Călărașu, C., Ionescu-Ruxandoiu, L., Mancaș, M. e Pană Dindelegan, G. (2001). *Dicționar de științe ale limbii*. Editura Nemira.
- Breban, V. (1987). *Dicționar general al limbii române*. Editura Științifică și enciclopedică.
- Boroianu, I. (1974). Conceptul de unitate frazeologică; tipuri de unități frazeologice (I). *Limbă și Literatură*, 1, 24–34.
- Boroianu, I. (1974). Conceptul de unitate frazeologică; tipuri de unități frazeologice (II). *Limbă și Literatură*, 2, 243–247.
- Butiurcă, D. (2012). Locuțiuni / expresii și tipare cognitive. *Limba română*, 3–4.
- Colțun, G. (2013). *Frazeologia limbii române*. Editura Arc.
- Coteanu, I. (1982). *Gramatica de bază a limbii române*. Editura Albatros.
- Constantinescu Dobridor, G. (1998). *Dicționar de termeni lingvistici*. Editura Teora.
- Coșeriu, E. (2000). *Lecții de lingvistică generală*. Editura ARC.
- Dimitrescu, F. (1958). *Locuțiunile verbale în limba română*. Editura Academiei române.
- Dumistrăcel, S. (1980). *Lexic românesc. Cuvinte, metafore, expresii*. Editura Științifică și enciclopedică.
- Ene, D. L. (2015). *Traduttore, traduttore. Incursiune în teoria și practica traducerii unităților frazeologice*. Casa Editorială Demiurg Plus.
- Graur, Al. (Coord.). (1966). *Gramatica limbii române*. Editura Academiei Republicii Socialiste România.
- Guțu Romalo, V. (Coord.) (2008). *Gramatica limbii române, vol. I, Cuvântul*. Editura Academiei Române.
- Groza, L. (2011). *Probleme de frazeologie: studii, articole, note*. Editura Universității din București.
- Hristea, T. (1977). Contribuții la studiul etimologic al frazeologiei românești moderne. *Limba română*, 6, 587–598.
- Hristea, T. (1984a). Introducere în studiul frazeologiei. *Sinteze de limba română*. Editura Albatros, 134–160.
- Hristea, T. (1984b). Frazeologia și importanța ei pentru studiul, limbii române. *Limbă și literatură*, 1. 5–13.
- Jordan, I. (1975). *Stilistica limbii române*. Editura Științifică.
- Jordan, I. e Robu, V. (1978). *Limba română contemporană*. Editura Didactică.
- Munteanu, C. (2013). *Frazeologie românească. Formare și funcționare*. Institutul European.
- Philippide, A. (1984). *Principii de istoria limbii*. Editura Academiei.
- Podaru, A. (2012). Idiomaticitatea și expresiile idiomatice în italiană și română. *Philologica Jassyensia*, 1 (15), 309–318.
- Pușcariu, S. (1940). *Limba română* (Vol. I). Editura Fundației pentru Literatură și Artă “Regele Carol II”.
- Șăineanu, L. (1887). *Încercare asupra semasiologiei limbii române. Studii istorice despre tranzițiunea sensurilor*. Tipografia Academiei Române.

- Scherf, I. (2006). *Expresii frazeologice în limbile germană și română (studiu contrastiv)*. Editura Didactică și Pedagogică.
- Trantescu, A. M. (2010). Probleme terminologice în definirea unităților frazeologice în română și engleză: o perspectivă contrastivă. *Analele Universitatii "Dunarea de Jos" Din Galati, XXIV, III, nR. 1(3)*. 103–113.
- Zugun, P. (2000). *Lexicologia limbii române*. Tehnopress.

### 6.1. Dictionarios

- Bantaș, A.; Gheorghiu, A. e Levițchi, L. D. (1993). *Dicționar frazeologic român-englez*. Editura Teora.
- Bărbulescu, G. (2007). *Mic dicționar frazeologic portughez-român și român-portughez*. Editura For You.
- Costescu, A. (1979). *Dicționar frazeologic român-italian*. Editura Științifică și Enciclopedică.
- Geambașu, C. e Twarog, J. (2013). *Dicționar frazeologic polon-român*. București, Editura Universității din București.
- Gorunescu, E. (1981). *Dicționar frazeologic francez-român, român-francez*. Editura Științifică și Enciclopedică.
- Gorunescu, E. (1975). *Dicționar de proverbe francez-român*. Editura Științifică și Enciclopedică.
- Neagu, N.; Șandru-Mehedinți, T. e Albu, M. (2008). *Dicționar frazeologic spaniol-român*. București, Editura Univers Enciclopedic.
- Pârlog, H.; Teleagă, M. e Levițchi, L. (2000). *Dicționar englez-român de colocații verbale*. Editura Polirom.
- Roman, A. (1975). *Dicționar frazeologic român-german*. Editura Științifică.
- Tomici, M. (2009). *Dicționar frazeologic al limbii române*. Editura Saeculum Vizual.
- Zanne, I. (1895-1903). *Proverbele românilor*. Editura Librăriei Socecu & Comp.